

Organiza:

Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Coordinan:

José Luís Domínguez Rey
Carlos Montes Piñeiro

Data:

Sábado, 21 de abril de 2018.

Lugar:

Salón de Actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Inscripción:

Esta actividade é gratuíta.
Por motivos de limitación no aforo requírese confirmación de asistencia, que deberá enviarse antes do 20 de abril, ao correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal • www.copgalicia.gal



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

SESIÓN DE TRABALLO
“A SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL
DESDE A PSICOLOXIA DO TRABALLO”

Sección de Psicoloxía do Traballo
e das Organizacións do COPG

21 de abril de 2018
Santiago de Compostela

TEMÁTICAS:

Esta Sesión de Traballo é outro punto de encontro para cambiar impresións e debater temas puntuais de interese profesional e coñecer distintas formas de suscitar cuestións relativas ás persoas no marco organizacional.

En escenarios laborais en continua transformación, marcados polas innovacións tecnolóxicas e novas formas de xestionar os seus recursos humanos, sempre é desexable expoñer experiencias e futuras liñas de actuación. Nesta ocasión, o tema da saúde laboral volve acaparar a nosa atención polo seu desenvolvemento no ámbito da investigación e o seu impacto no quefacer da profesión.

Ante a demanda de profesionais da psicoloxía cualificados na esfera da seguridade e saúde laboral, a Sección organiza esta xornada co obxectivo de abrir un espazo de diálogo que permita contribuír ao desenvolvemento de propostas concretas para fortalecer as competencias profesionais das psicólogas e psicólogos do traballo que desexen desenvolver a súa actividade.

O noso obxectivo é identificar oportunidades para o desenvolvemento dunha axenda de traballo que se traduza dun modo efectivo nun corpo de profesionais cualificados.

- *Sesión dirixida ás colexiadas e colexiados da Sección PTO do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e da División de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología.*

PROGRAMA:

9:45 h. Benvida e recepción de asistentes.

10:00 h. Intervencións.

“COMPETENCIAS PARA A INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA NA SSL”

• **Carlos Montes Piñeiro.**

Vogal da Coordinadora da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Coordinador do Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional da Sección PTO do COPG.

11:45 h. Descanso - Café.

12:00 h. Asemblea 2018.

Asemblea dos socios e socias da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.